



Antes, cando non se atopaba un tema de conversación falábase do tempo. “Hoxe temos bo día”, “¡Escapa, que vai chover! ¿Escampará algunha vez?” Agora púxose de moda falar da crise. Da crise en abstracto. Non se concreta se sobe, desce ou se recupera. É un fenómeno natural coma o furacán, a saraiba ou o terremoto. Contra estas inclemencias só cabe rezar e resignarse. Os labregos botaban man do rosario e do loureiro bendecido o domingo de ramos cando a treboada ameazaba estragar as colleitas dos cereais que agardaban no agro a visita do fouciño. Nin por esas. ¡Cantos temporais encheron os barcos de emigrantes para América! Os italianos eran un chisquiño máis heterodoxos: *piove, porco governo*. Pois ben, para non ser menos, para non sentirme extraño, vou adicar este artigo a unha crise que leva trazas de converterse en enfermidade crónica.

Dame un pouco de reparo learme nun tema feito para lucírense os sabichos tertulianos da pantalla, para cargar de pólvora a dialéctica dos voceiros políticos, e, en definitiva, para ocultar á opinión pública as verdadeiras raíces do problema. Aos ilustrados éelles doado lidar coa miña ignorancia en materia económica. Por iso, para darlle aliciente á corrida, voules soltar na praza a opinión de dous mihuras. Algo saberá do asunto Augusto López Martínez, profesor de economía da Universidade de Cádiz. Define o ciclo económico, no que se insire a crise, como “fenómeno que aparece nas economías industrializadas do sistema capitalista”, e que “as causas fundamentais do ciclo están nas propias forzas internas da economía”. Sabemos tamén que o sistema español, ao que a Constitución de 1978 lle deu rango de imperativo legal, é o da economía de mercado. Saquemos, pois, o segundo *morlaco*, para sabermos en que consiste o sistema que a Carta Magna instituíu como sacramento, quizais o que unxiu cos santos óleos aos eurocomunistas españois por pediren para ela o voto positivo no referendo. Traduzo literalmente a definición que dela fai José Luís Carranza Ortiz, que entre outros títulos ostenta o de ex-director xeral do BBVA. “Constitúe un sistema económico no que as forzas da oferta e da demanda regula o proceso económico sen verse afectadas por regulacións gubernamentais ou outro tipo de intervencións”, “Tamén se denomina economía capitalista”, engade máis adiante. Aquí tendes a opinión dun banqueiro, non a dun ideólogo do politburó soviético.

Se as crises son alleas ás decisións gubernamentais, tal como acabamos de ver; se afectan por igual a países con

políticas similares pero non idénticas, haberá que buscar o denominador común noutro lugar: no capitalismo. De nada serven modelos diferentes se parten todos do mesmo sistema, axioma ben coñecido polos demagogos da esquerda e da dereita.

Tivo que ser precisamente o presidente da CEOE, nun arrouto de loábel sinceridade, quen sacou á luz o diagnóstico que case todos tratan de ocultar: o problema está na economía de mercado, segundo opina este mercader. Esa economía que no ano 29 do século pasado prendeu o lume na *New York Stock Exchange*, centro bolsista da grande urbe norteamericana. Hai unha diferenza significativa entre aquela e a actual crise: a ausencia de suicidios na depresión

que atravesamos. Daquela, os capitalistas arruinados atoparon na corda a solución que non encontraron no Estado. Hoxe, alí e aquí, o erario público sae ao rescate dos banqueiros, deixando a corda no pescozo dos traballadores. ¡Así calquera!

Polo que levo dito pode interpretarse que trato de botarlle un cable aos gobernos que teñen a responsabilidade de reorientar a economía, que vai cara o hospital en ambulancia. Nada máis lonxe da miña pretensión. Pero os meus argumentos están nas antípodas da dialéctica hipócrita esgrimida polos ideoloxicamente contrarios á interferencia do Estado na lei do mercado, e que agora o cul-

pan dunha xestión que corresponde á iniciativa privada. É a táctica ao servizo dos que non atopan outra maneira de recuperar poder, agardando que o advento dunha fase alcista os poida presentar como salvadores. O mesmo discurso xa coñecido e utilizado en anteriores ocasións. En situacións de apuro non é difícil seducir ao pobo desesperado con ídolos de barro, pois agarda perdido no deserto a chegada dun mesías redentor. Ás masas hai que falarlles claro, se non queremos que saian da crise tan ignorantes como entraron: *piove, porco mercato*. Ao mercado, as indixestións producidas pola gula capitalista. Ao César, a súa complicidade co mercado.

Pois voulle dar ao César o que a el lle corresponde. O mesmo partido que agora lle toca apandar coas repercusións da crise foi o que iniciou anos atrás o desmonte do escaso sector público, de carácter subsidiario, para meter de cheo a economía española no círculo neoliberal. Curioso, un partido que se gaba de chamarse “socialista”. Para o que lle serve o calificativo, o máis conveniente é que o poña á venda nas rebaixas de verán, contribuíndo

O mesmo partido que agora lle toca apandar coas repercusións da crise foi o que iniciou anos atrás o desmonte do escaso sector público, de carácter subsidiario, para meter de cheo a economía española no círculo neoliberal

deste xeito a enxugar un pouco o déficit orzamentario. Saldou a siderurxia, o sector naval, o enerxético, as autoestradas, e inclusive propiciou o deterioro de servizos públicos para facilitar a penetración neles da empresa privada. Por non estendernos, lembremos só correos e seguridade. Practicamente, o Estado quedouse só co exército e a garda civil. O primeiro, por non atopar ningún postor disposto a investir nunha mercadoría deteriorada. Os militares españois sempre foron moi afoutos para dar golpes de Estado. Nas poucas veces que chegou o invasor, a valentía deixáronlla aos civís, aos Cachamuíñas, e puxeron a salvo a deles no galiñeiro. Ou sexa, nos cuarteis. A garda civil é máis rendíbel, pois aporta á Facenda substanciaosos ingresos coas sancións de tráfico. Se seguimos así e a débeda queima, pode ser que o Goberno decida axiña poxar o instituto fundado polo duque de Ahumada. Sería unha operación apetecíbel para inversores audaces. O perigo está en que os axentes poidan entrar no mercado de fichaxes, tal como actualmente acontece cos profesionais ou intelectuais do fútbol. ¿Canto será o valor dun tricornio que retorna ao cuartel con máis de trinta multas ao día (catro por hora de traballo), apañando veados que circulan alegremente por unha autovía? Estes *cracks* do bolígrafo resultan, sen dúbida, un bocado saboroso para a empresa privada.

O Estado privatizou primeiro, e agora o mercado bateulle coa crise nos fociños. Ando o Goberno -remendando a Keynes- pondo en práctica un refrito de medidas, que se non custasen cartos darían pé para morrer de risa. ¡Que ben campan á beira das estradas os anuncios do *planE!* Eu non sei se pregoan un fin de semana en boa compañía no Caribe ou unha marca de coñac. No meu concello construíu o plan un parque infantil nunha aldea onde xa non hai rapaces. Menos mal que os bambáns pode utilízalos a terceira idade para gozar da segunda infancia. ¿E os subsidios para a compra de vehículos? ¿Non serán acaso unha axuda ás decaídas carteiras de pedidos das transnacionais do automóbel? Así, entre o plan E e o plan B, este Goberno resultounos un verdadeiro plan. Meten na UVI as finanzas públicas por receitar supositorios e non ter a coraxe de aplicar o bisturí.

¿Quen vai apandar coa burra? Podédelo supor; os mesmos de sempre. Os que teñen que estarricar o soldo para chegar enteiros ao trinta e un de decembro, se é que o ano non cadrou bisesto. Anunciouse que se lexislaría un imposto especial para as grandes fortunas. Non se sabe nin cando nin como será. A Administración está en éxtase. Deixémola meditar tranquila. Trátanos coma rapaces. ¡Cala neno, que a semana que ven heite levar á festa! O que xa se concretou foi a conxelación das pagas dos xubilados, a rebaixa nos soldos dos funcionarios, o incremento do IVE, que nos vai perseguir coma coellos en canto poñamos un pe fóra da porta. ¿Suprimírase o plus vitalicio dos altos cargos -moitos deles auténticos ananos- aprobado no máis vergonzoso contubernio político do Parlamento de Galiza? Xa se dixo que non. En todas, pero sobre todo nestas circunstancias, é un insulto, ben é verdade, pero tamén unha medida pedagóxica

que permite ensinarlle ao pobo o verdadeiro valor da autoridade, e que leva inherente o privilexio.

Dos pensionistas que vou contar que non saibades. Non son tema de preocupación porque son un retallo sobrannte que actúa de contrapeso na sociedade. Clases pasivas chámalles a lei. E tan pasivas, que aturan manseliñas as labazadas que lle caen na meixela esquerda e na dereita. Home, se até o lapis de Xaquín Marín hai tempo que deixou de lado os burgueses barrigudos, traxeados de chaqué, sombreiro de copa e longos charutos entre os beizos, e pasou a asañarse cos pobres vellos, metido como un pasatempo máis na páxina de pasatempos. Dos funcionarios, din os privatizadores que cando están en folga ou de vacacións é cando mellor funciona a Administración.

O imperio romano xa nos estertores da agonía, mantiña ao pobo no curral dándolle "panes et circenses". O actual sobrevive quitándonos o pan para manter o circo. Cando se nos impón a todos os parias da terra medidas de austeridade, que o goberno se poña a asubiar, como se non fose con el, que faga a vista gorda coas inxentes débedas á Facenda e á Seguridade Social dos clubs de fútbol, é suficiente motivo para acusalo de delito de terrorismo. ¡Cantos comandos actúan nos Ministerios!. Terroristas que toleran gastar divisas na importación de pernas, mentres moitos cerebros emigran por falta de apoio e de recursos. É a sociedade que temos. A sociedade silenciosa que deixou o hábito da lectura para abonarse aos partidos televisados.

¿Onde está a solución? Non vexo moitas. O que máis sinto é que por falta de cabeza o próximo Executivo vaia caer nunha banda de chourizos reaccionarios. Os sindicatos falan de convocar unha folga xeral. Falan por non estar calados. Agardar que resolva o problema quen ten abondo con loitar polas patacas é unha utopía. ¿De que serviría unha folga de brazos caídos durante un día? ¿Para introducir unha ponte máis no mercado laboral? A terapia que crise actual esixe leva o nome de *folga xeral revolucionaria*, impensábel de ser asumida por un pobo alienado polo circo. Tarde ou pronto, virá a recuperación, a fase expansiva, a desaceleración, para caer de bruces outra vez a economía na depresión. É a noria do mercado. Sempre xogando á ruleta rusa co benestar da sociedade. Seguiremos nós -Prometeos encadeados- resignados a que a águia imperial nos devore polo día o fígado que nos medra polas noites. Aprendamos a lección. Acumulemos a forza social necesaria para que do pobo naza un novo Hércules, o que na próxima crise mate a águia que a produce e nos devolva a liberdade. Seremos entón, Prometeo liberado.



BAUTISTA ÁLVAREZ